

NADAL 2010

Queridas familias de Aguiño:

Como xa sabedes dende o curso pasado o noso centro educativo sumouse á iniciativa de moitos colexios de recuperar a figura do APALPADOR.

Como educadores/as consideramos importante recuperar as tradicións galegas e transmitirlas ó noso alumnado polo que vos pedimos colaboración para que lle abrades as portas das vosas casas a esta personaxe das nosa terra.

O Apalpador é un home de barba rubia, un vello xigante, que vive nas devesas das altas montañas facendo carbón durante todo o ano para escorrentar o frío do inverno. No seu tempo libre o Apalpador fai xoguetes artesanais con madeira, pedra, cartón,... respectuosos co medio ambiente.

O Apalpador é totalmente compatible coa visita do Papa Noel e os Reis Magos, xa que este visita as casas o 31 de Decembro. O estudo do textos literarios onde aparece reflectida a súa presenza fala de que lle tocaba a barriguiña ós nenos e nenas para ver se a tiñan chea e lle deixaba unhas castañas para a fame.

Afortunadamente os nosos nenos/as teñen cuberta a necesidade da alimentación, pero nos gustaría manter esta tradición pedíndovos que a **noite do 31 de decembro** lle abrades a porta para que poida deixar calquera froito seco de forma simbólica, como "froitos da sorte para o ano novo". O Apalpador tamén pode deixarlle un xoguetiño feito a man potenciando deste xeito que valore o material de reciclaxe, para estimulalos a facer os seus propios xoguetes...

FELIZ 31 DE DECEMBRO, FELIZ DÍA DO APALPADOR!

